

SERVIZO DIOCESANO DE COMUNICACIÓN DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL



O bispo da diocese de Mondoñedo-Ferrol, Mons. Luís Anxo da Heras Berzal, CMF, ante as necesidades de atención pastoral ás parroquias e ás zonas, e dada a urxencia de afrontar a misión evanxelizadora da Igrexa no momento actual, que con palabras do papa Francisco “está chamada á conversión misioneira” (EG 30), fixo os seguintes nomeamentos aos que, a primeiros de setembro, seguiranlles outros para completar os cambios a realizar:

Arciprestado de Viveiro

- D. Juan M. Basoa Rodríguez e D. Xosé Román Escourido Basanta, actualmente párrocos “in solidum” da Unidade Pastoral de Viveiro, asumen a atención pastoral de Miñotos (San Pedro) e Boimente (Santo André).
- D. Xosé Anxo Fernández López, actualmente párroco de Celeiro (Santiago) e de Faro (San Xiao), asume a atención pastoral de Bravos (Santiago), Cabanas (San Pantaleón) e Ambosores (Santa María).
- D. Cristóbal Rivas Díaz, é nomeado párroco de O Barqueiro (Santa María de Mogor), Vares (San Pedro), Ribeiras (San Cristovo), Mañón (Santa María), Grañas (San Mamede), O Vicedo (Santo Estevo), Negradas (San Miguel), Riobarba (San Paulo), Cabanas (Santa María), O Val (San Román), Suegos (Santa María) e Mosende (San Pedro).

Arciprestado de Ortegal-As Pontes

- D. Francisco Javier Martínez Prieto, actualmente párroco de Ortigueira (Santa Marta) e outras, asume a atención pastoral de Céltigos (San Xiao) e Loiba (San Xiao).

Arciprestado de Terrachá

- D. Juan Pablo Alonso Rolle, é nomeado párroco “in solidum” da Unidade Pastoral de Vilalba.
- D. Manuel Polo Pérez é nomeado párroco de Abadín (Santa María), Galgao (San Martiño), Quende (Santiago), Cabaneiro (San Bartolomé), Candia (San Pedro), Fanoi (Santa María Madalena), Romariz (San Xoán), Labrada (San Pedro) e Montouto (Santa María).
- D. Raúl Ferreiro Méndez, actualmente párroco de Duarría (Santiago) y outras, asume a atención pastoral de Ansemar (Divino Salvador) e Ferreiros (San Martiño).
- D. Javier Rodríguez Couce, é nomeado párroco de Castro de Rei (San Xoán), Outeiro (Santa María), Pacios (Divino Salvador), Bazar (San Pedro), Santa Locaia (San Pedro), Prevesos (Santo Estevo), Goberno (San Martiño), Azúmara (San Xoán), Ramil (Santa Mariña), Balmonte (Divino Salvador), Viladonga (Santiago), Silva (Santiago) e Ferreiros (Santo André).

- D. Benedicto Palmeiro Lepina, actualmente párroco de Bretoña (Santa María) y outras, asume a atención pastoral de Álvare (Santa María) e Fonmiñá (Divino Salvador).
- D. José Gallego Vila, actualmente párroco de Árbol (San Lourenzo) e outras, asume a atención pastoral de Baltar (San Pedro Fiz) e Pousada (Santa Catarina).

Arciprestazgo de Ferrol

- D. Óscar Fernández Expósito, é nomeado párroco “in solidum” da Unidade Pastoral o Ensanche – Ferrol.
- D. Alejandro Piñón Espasandín, actualmente párroco “in solidum” da Unidade Pastoral das Pontes, é nomeado Capelán a tempo parcial do Hospital “Arquitecto Marcide” de Ferrol.

Arciprestazgo de Xuvia

- P. Luis Cabiellas de Cos, CMF, é nomeado párroco moderador do equipo sacerdotal composto polo P. Luis Martín Peña, CMF, e o P. Manuel Díez Borges, CMF, encargado da atención pastoral de Meirás (San Vicenzo), O Val (Santa María a Maior), Castro (Santa María), Lago (Santiago), Lourido (San Bartolomeu) e Sequeiro (Santa María).

Esta decisión, por outra banda habitual antes do comezo do novo curso pastoral, tomouse despois de estudalo no Consello episcopal de goberno e de dialogalo cos sacerdotes afectados.

É obvio que ningún párroco é propietario da comunidade parroquial que o bispo diocesano lle encomenda no seu día como un servizo á Igrexa e que, xa desde o momento da súa ordenación, ha de estar á súa disposición polo ben da mesma Igrexa diocesana. Como tamén que as comunidades parroquiais deben comprender que a escaseza de vocacións ao ministerio sacerdotal unido á idade avanzada de moitos sacerdotes e a transformación profunda e acelerada da nosa sociedade no momento actual, obriga a que se teñan que facer estes cambios en clave misioneira que afectan á organización eclesial, en moitos casos concentrando o culto e a catequese nos centros de atención pastoral que agrupan a varias parroquias.

O bispo agradece, finalmente, a dispoñibilidade dos seus sacerdotes en orde á misión encomendada, e valora o aprecio sincero e sentido, mostrado privada e publicamente, das comunidades parroquiais cara aos seus pastores. Á vez que anima a todos os cristiáns a sentirse membros activos e corresponsables da Igrexa acollendo a quen é enviado e orando e suscitando no seo das familias e das comunidades cristiás novas vocacións ben clarificadas e comprometidas no matrimonio, a vida consagrada e o sacerdocio ministerial.

Mondoñedo-Ferrol, 16 de agosto de 2017.